



## O IES MARTAGUISELA PREPARA A CELEBRACIÓN DO 8 MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Dentro do **Plan Proxecta, 365 días de respecto e igualdade e Donas de si**, o alumnado do IES MARTAGUISELA celebra o día 8 de marzo participando durante varias xornadas en diferentes actividades para conmemorar o **Día Internacional da Muller**.



### **“Agradécello a unha feminista”**

A semana previa ao 8 de marzo aproveitamos para recordar os avances que trouxo consigo o movemento feminista, tales como a posibilidade de que as mulleres poidan levar pantalóns, o acceso delas á universidade, o sufraxio feminino, a aparición de leis que permiten o divorcio ou a posesións de bens inmobiliarios ás mulleres, etc. Tamén reflexionamos sobre ás melloras que conseguiu o devandito movemento ao mundo dos homes; algunhas das que nomeou o noso alumnado foron, por exemplo, a aparición da educación emocional que libera ao home do seu papel como persoa que non pode mostrar os seus sentimentos.

A partir destas reflexións o alumnado creou carteis onde resumían os distintos avances que se lograron grazas ao feminismo. Para iso seguimos a iniciativa “Agradécello a unha feminista” creada por School for Feminismo hai uns anos. Con estes carteis decoramos a entrada do noso centro o 8 de marzo. Así de fermoso luciu nas redes sociais:

<https://www.instagram.com/p/CpimF8TLVTI/>



## Gincana en 2º ESO

O 8 de marzo, coincidindo co Día Internacional da Muller, o alumnado de 2º de ESO B realizou na hora de titoría unha gincana que lle permitiu aplicar coñecementos vistos en distintas materias, como Matemáticas, Física e Química, Lingua Castelá e Lingua Galega, Inglés, etc. para resolver as catro probas que lles propuxemos e así poder abrir un cofre do tesouro que contiña un pequeno premio para o grupo que lograra responder de forma rápida e correcta as distintas probas.

A partir desta actividades puidemos repasar conceptos relacionados coa igualdade, como o de "sufraxismo", e tamén recordamos figuras que xa coñecían das distintas materias como Gloria Fuertes, Malala Yousafzai, Hedy Lamarr ou Alexandra Elbakyan, entre outras. Mediante as diferentes probas traballamos a comprensión lectora, pero tamén a capacidade matemática para resolver un problema relacionado con datos sobre a violencia de xénero, o gran problema ao que ten que facer fronte o feminismo actual.



O grupo gañador, formado por tres alumnas: Yolanda García, Alba González e Génesis Villalobos, conseguiu unhas lambetadas como premio, despois de lograr adiviñar todas as pistas e obter o código que abría o cadeado do baúl do tesouro. Parabéns!!



## Exposicións orais sobre "heroínas galegas". 3º e 4º ESO

Durante tres semanas na materia de Lingua Galega, o alumnado de 3º e 4º ESO investigou sobre a vida e o labor profesional de diferentes mulleres que, ao longo da historia foron silenciadas, mais o seu traballo foi constante, calado e produtivo e cómpre seguir recuperando e pondo en valor, porque é xusto e de xustiza. Partindo dunha listaxe de mulleres galegas o alumnado levou a cabo un traballo de investigación, elaborou presentacións dixitais e expúxollo ao resto de compañeiras e compañeiros.





Deixámosvos algunhas fotografías.